



HELENA VILLAR JANEIRO:

UNHA MESTRA NA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL GALEGA

Blanca-Ana Roig Rechou

É a miña intención abrir nesta revista, que publica a Escola Universitaria de EXB de Santiago de Compostela(1), unha sección-homenaxe ás mestras e mestres galegos que dedicaron e dedican parte das súas horas de ocio a escribir, xa sexa material didáctico xa de creación, para a infancia e primeira adolescencia, unhas bandas etarias moi ben coñecidas por eles a través da convivencia diaria. Un grupo de homes e mulleres que fixeron e fan día a día a renovación pedagóxica, que cobren, moitas veces sen recoñecementos, as lagoas que os sistemas educativos sempre deixan, que se esforzan por manter aceso o facho da galegitude, da modernidade e da universalidade, a onde se chega coñecendo ben a lingua e a cultura do país onde se nace.

Son estes mestres e mestras os autores máis numerosos na literatura infantil e xuvenil galega, xunto a outros de diversas profesións que tamén participaron no desenvolvemento desta literatura. Unha literatura que sen apoios oficiais, ata hai ben pouco, se desenvolveu con dignidade gracias a afouteza destes homes e mulleres que ó ver que a infancia e adolescencia galega non contaba con textos na súa lingua para ler dedicaron parte da súa vida a traducir e crear obras literarias destinadas a este tipo de receptor. Son estes uns textos que se perfilan cunhas características específicas tanto temáticas coma estruturais e lingüísticas, como veremos ó remata-la sección.

Vou seguir nesta serie de artigos unha orde rigorosamente alfabética. Comezarei polas derradeiras letras pois considero que son, moitas veces, as esquecidas aínda que non sexa de xeito intencionado. Seguindo esta orde, a primeira mestra a tratar é:

(1) Na que imparto clases dende 1973, primeiramente de lingua, literatura y didáctica de la lengua y literatura española e dende o 1979, lingua e literatura galegas.

Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo 1940)(2), unha autora que xa se pode considerar clásica dentro da literatura infantil polo seu bo facer e polo seu labor continuado. Aínda que as súas primeiras obras non van destinadas á nenez, é unha das primeiras autoras que se achega cos seus títulos a este tipo de literatura. Inicia o seu labor literario no ano 1972 cun poemario titulado *Alalás*(3) e dende entón non deixou de escribir narrativa e poesía dirixidas tanto ós receptores adultos coma infantís.

No 1981, co seu home, o tamén poeta e escritor, Xesús Rábade Paredes(4), comezou as publicacións para un receptor infantil. Productos deste consorcio literario saíu á luz *Símbolos de Galicia (A bandeira. O escudo e o Himno)*(5), libro co que obtiveron o Premio Patronato Rosalía de Castro 1979. Era un libro divulgador, do tipo dos libros escolares (de lingua e literatura) que teñen como función un informe concreto dun tema determinado, con independencia do tipo de linguaxe empregada na súa composición.

Outro libro deste tipo, con función divulgativa, é o titulado *Lección conmemorativa sobre Rosalía de Castro*, obra que fixeron coa intención de achega-la grande poeta ó lectorado infantil. Realizárono con motivo do centenario de *Follas Novas*(6). Os autores, na pequena introducción que fan ó libro, comentan que é

Pra que te acerques mais a Rosalía e ás nosas cousas; pra que as coñezas mellor.
Pra que saibas que Galicia, a túa nacionalidade, tén tamén unha importancia no mundo gracias ós seus mellores intérpretes (p. 7).

cunha clara referencia ós receptores ós que se queren dirixir.

No 1982 publican *Cantan os nenos. O primeiro libro de María*(7), no que se recollen as cantigas de berce que Helena compuxera para a súa propia nena. A nosa autora dixo moitas veces que se viu obrigada a facer estas composicións, ou a traducir cantigas de berce doutros autores ou latitudes e porlles música, debido ó pouco material que nese momento se coñecía en galego. O mesmo fai coas rimas, romances e pequenos poemas que

-
- (2) Naceu o 28 de setembro. Na súa Becerreá natal, fixo os estudos primarios e os de bacharelato, dos que examinou por libre no Instituto “Virgen de los ojos grandes” de Lugo (feminino). Esta primeira etapa da súa vida desenvolveuse no ambiente rural e ó redor da xastrería de seu pai, a quen chegou a axudar no oficio ó tempo que estudiaba. Todo isto puxo á nosa escritora en contacto permanente coa xente do campo, coa súa cultura, costumes, modo de vida, etc. A xastrería foi un punto de encontro con diversos personaxes da bisbarra. Estudiu Maxisterio en Lugo, pronto gañou unhas oposicións ó corpo do Maxisterio Nacional que a levou a exercer-la profesión primeiro no rural, na mesma bisbarra na que se criara, e logo no urbano, onde segue a desenvolver-la docencia, aínda que temporalmente se dedicou a actividades de xestión e mesmo de formación de adultos. Participou na renovación pedagóxica, formou parte do Gabinete da Reforma educativa, foi Coordinadora docente de lingua galega, etc. Compaxinou o exercicio profesional, nos primeiros anos, cos estudos de Pedagogía en Madrid, onde tamén se diplomou en Lingua francesa na Escola de Idiomas. Entre os anos 1968 e 1974, traballou en diversas expresións artísticas ademais da literaria: música, cerámica, pintura e teatro na escola ocuparon o seu tempo. Destas actividades sempre quedou algo no traballo que no futuro ía desenvolver Helena Villar.
- (3) Publicado en Lugo pola propia autora.
- (4) Co que casou no 1975.
- (5) Santiago de Compostela: Patronato Rosalía de Castro, 1981.
- (6) Santiago de Compostela: Edicións do Patronato “Rosalía Castro”, 1980.
- (7) Vigo: Edicións Xerais de Galicia 1982, con ilustracións de Xoán Carlos, 190 pp. Esta obra mereceu unha nova edición no 1983, Santiago: Consellería de Cultura, Escolma noviña, 1, 84 pp.

acompañan, xa sexa musicados, xa recitados, ós xogos de corda, pelota, etc. Este libro, que nun principio foi composto para os seus fillos(8), pronto adquiriu outro camiño, pois como se pode ler na introducción:

Cando naceu O libro de María, pensamos maiormente nas súas posibilidades dinámicas. Co tempo, a práctica pedagóxica demostrounos que o libriño é un auxiliar inesgotable tamén da área de plástica e da clase de lingua.

Tódolos textos deste cancionero están contrastados cos nenos e foron material motivador de moitas clases alleas á Música. O interese con que os nenos de 3 a 14 anos recibían estas mensaxes poéticas e se expresaban a si mesmos ante elas instounos a recomendalo pra dúas actividades mais:

A) A área plástica. Trala maxia da palabra poética, o neno é capaz de reproducir plasticamente a súa impresión estética, ben nun cuadro estático único, ben nunha sucesión de aconteceres que reproducen unha historia.

B) Área de lingua. Tódalas composicións teñen unha serie de valores estimulantes pra aprendizaxe da lingua que se poden concretar en: aprendizaxe do vocabulario, adquisición e fixación das estruturas fundamentais do idioma, creación de campos fonolóxicos, léxicos, morfolóxicos e sintácticos, comparación dialectal, introducción á comprensión estética da lingua, estímulo da creación poética.

En definitiva, é outro libro escolar ó estilo dos anteriores. Un dato curioso que pode convir ter en conta é que este libro foi ilustrado por Xan López Domínguez, aínda que moitos debuxos só aparecen asinados co nome deste gran ilustrador.

Así mesmo, desa colaboración saíron máis títulos narrativos e poéticos(9) dirixidos con prioridade a un público adulto. Pero o que nos interesa agora desta colaboración creadora son os libros que produciron para a infancia compostos a base de narracións e pequenos poemas para o seu emprego no Ciclo Inicial do E.X.B., cun deseño igual ós libros de texto ó uso que tamén realizaron(10). Así *Contos de nós e da xente*(11), publicado no 1983. Nel, partindo da tradición folclórica mundial, deses contos, cantigas, rimas, etc. que se foron transmitindo de boca en boca, os nosos autores recrean composicións nun intento de introducir á infancia galega no pasado cultural e, ó mesmo tempo, introducila na modernidade. O finalizar cada composición propóñense unha serie de exercicios para sacar, dende o punto de vista didáctico, o maior rendemento á lectura proposta. Este xeito de facer xa ven anunciado na introducción da obra (“Para antes de empezares a ler os contos”), onde se di textualmente:

(8) Quen, segundo a propia autora, a levaron a se dedicar á literatura infantil pois quixo facer para eles un material que lle servise para educalos nuns costumes, nunha cultura e nunha lingua, aínda que era consciente de que ese material, máis tarde, tería de incidir na formación dos demais nenos e nenas do país.

(9) *Xuntos cara o mañá* (Lugo: Celta, 1969); *O sangue na paisaxe*, Premio Manuel Antonio 1980 (Santiago: Ed. do Cerne, 109 pp.); *Morrer en Vilaquinte*, Premio Galicia de novela 1980, 2ª ed. Santiago: El Correo Gallego, Biblioteca 114, 15 xaneiro 1992; *No aló de nós*, Premio Galicia de poesía da Universidade de Santiago de Compostela 1981, Santiago: Secretariado de Publicacións.

(10) Como por exemplo, *Lumigar Iª EXB*, Zaragoza: Luís Vives³, 112 pp.

(11) Madrid: S.M., 1983.

(12) Madrid: S.M., 1984, 55 pp.

Pómosche nas mans un libro de lectura para que, ademais de te divertires lendo, prosperes o máis posible na túa aprendizaxe comprensiva e creadora

Outro título destas características é *O libro que non se quería pechar*(12), publicado no 1984, cun formato idéntico ó anterior. Consta de 24 composicións nas que se conta de forma sinxela unha pequena historia en prosa e en verso e nas que se recrean as fórmulas clásicas dos contos tradicionais: “Unha vez”, “era unha vez”, etc., nun claro recordo da fórmula de comezo dun tipo de contos de transmisión oral.

Os personaxes e as súas actitudes tamén veñen da tradición e así pululan polas composicións, xa sexan versións da transmisión oral actuais ou ó seu estilo, paxariños, gatos, coruxas, vento, lúa, sol, noite, galos, cervos, gaivotas, cuco, etc.

A partir de 1985, Helena Villar recuperou a súa voz individual en diferentes xéneros literarios, tanto na literatura infantil coma na de adultos(13).

A partir dese ano, en literatura infantil, que é o noso obxectivo fundamental, son moitos os títulos, en libros colectivos ou de autoría individual, que ofreceu Helena Villar Janeiro. É significativo, e cómpre parármonos despois nisto, que sexa xusto no momento en que Helena Villar comeza a creación literaria infantil cando se rompe o consorcio literario entre marido e muller.

No ano 1985, saíu á luz *O día que choveu de noite*(14), aínda que a súa distribución non se realizou ata o 1986(15). Trátase dun pequeno conto infantil no que un narrador omnisciente, en terceira persoa, típico da maioría dos contos infantís de tódolos tempos, conta a historia dunha nena, duns dez anos, chamada María. A idade da nena está moi ben caracterizada polo enfrascamento de María na contemplación das nubes. Este narrador, aínda que o sabe todo, actúa dende un punto de vista selectivo xa que o que ocorre na diéxese é visto dende os ollos da nena: “María dicía para si...”

Aburrida da clase que está a desenvolver sobre os ósos un profesor xa maior e un pouco adusto, María comeza a contemplar dende a fiestra o ceo, observa os cambios que se están a producir e unha cousa curiosa chama a súa atención: un grupo de nubes parece querer xogar á roda. Na hora do recreo María chama a atención dos outros nenos sobre o fenó-

(13) En poesía, á parte do poemario xa citado *Alalás* (1972), conta cos seguintes títulos: *Rosalía no espello*, Santiago: Patronato Rosalía de Castro, 1985; *Nas hedras da Clepsidra*, premio de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” do Concello de Dodro 1991; *Festa do corpo*, accésit do Premio de poesía Miguel González Garcés 1994, A Coruña: Deputación da Coruña, 1994, ademais de premios como o Xosé María Chao Ledo no 1990 e o primeiro premio (compartido con Xabier Lama, na modalidade de poema libre por “Tras da dorna de Ulises”, do IIº Certame Xacobeo de Poesía. En narrativa con *O enterro da galiña de Domitila Rois*, Vigo: Galaxia, 1991; premio de relatos “Breogán” do Centro Galicia de Biskaia, 1990; “O cadro”, relato premiado no Concurso Modesto Rodríguez Figueiredo de narración curta 1991. Ademais dun bo número de poemas, relatos e cadros teatrais en antoloxías, publicacións periódicas e publicacións colectivas, como as do grupo “Cravo fondo”, ó que pertenceu a autora.

(14) Vigo: Galaxia, col. A chalupa 21, 32 pp.

(15) Parece ser que foi escrita para María, filla de Helena Villar, coa intención de que perdese o medo que lle tiña ós fenómenos atmosféricos e os vise como acontecementos normais. Medos dos que Helena Villar sabía moito, pois como lles dixo a un grupo de alumnos e alumnas das Escolas Universitarias de EXB de Ourense e Santiago con motivo da realización dun traballo de clase, da súa nenez recorda fundamentalmente o frío, a neve, os medos que a desacougaban. Medos ós presos (a súa casa estaba ó pé do cárcere), ós mortos, a unha veciña xordomuda, ós gigantes e cabezudos, etc.

meno, e un deles, Xoán, rapaz moi arrichado e afoutado, decide probar sorte co seu tiratacos e mándalle doce cantos ás doce nubes que parecen sorrir. Os cantos quedan no ceo e o rapaz séntese un pouco frustrado porque non sabe se conseguiu alcanzalas. Ó volver á escola, e cando o mestre se decide a facer preguntas, as nubes comezan a devolve-los cantos, que arremeten contra todo: contra o profesor, alumnado, macetas, ventás, etc. O profesor quere buscar unha explicación lóxica, científica ó fenómeno. Para isto fai co seu alumnado consultas á biblioteca, observa con lupas as nubes (parécelle, a el mesmo, que sorrín), etc. Ó non conseguir esa explicación, o tiratacos de Xoán pasa a ser obxecto do museo escolar e María sae na Radio, TV, prensa, por se-la descubridora do fenómeno. Ó día seguinte chove e toda a maxia provocada por aquel grupo de nubes: cambio de cores (das árbores e da laranxa), de sabores (do queixo), de tamaño (dos vestidos), de forma (as rodas do autobús)..., desaparece.

Como vemos, trátase dun relato que comezando nun mundo real, concretamente na escola, caracterizada como aburrída, cun profesor aburrído que só se preocupa de que os seu alumnado repita os nomes dos ósos, pasa a un mundo fantástico no que os seres inanimados se humanizan, se personifican e onde os nenos e nenas gozan e se motivan. Un mundo no que se dan elementos humorísticos e fantásticos para logo volver á realidade, que, neste caso, deixa todo como estaba, aínda que cun aquel de tenrura cara ó vello mestre que intentou conseguí-la verdade do suceso por medio da investigación. Como xa deixei dito noutro lugar(16), nesta obra a mestura de realidade e fantasía está moi ben dosificada, axústandose así ó reclamado por Michael Ende.

O soporte desta narración é un libro de pequeno tamaño con ilustracións a cor de María Fe Quesada, que se adaptan moi ben ós anacos do relato. Como apuntou Agustín Fernández Paz(17), as ilustracións son de alta calidade e están perfectamente encaixadas co texto, rematando “por constituír unha narración paralela, que ilustra, desenvolve e amplía as potencialidades da historia, nunha fecunda interacción”.

Aquí vense xa liñas temáticas xerais que se repetirán constantemente na narrativa de Helena Villar:

- O recinto escolar, con todo o que conleva, será un elemento sobre o que Helena montará moitas das súas historias. Neste primeiro caso, trátase dunha escola ó estilo tradicional, caracterizada polo aburrimto que conleva a repetición e memorización.
- A introducción dunha protagonista infantil preocupada polo que ve, non pasiva, que se aburre nunha escola monótona, que lle doen os cadrís de estar sentada, que tén os seus medos e que intenta salvarlos sen pedir axuda, cunha grande dose de fantasía, etc. Rompe así, un pouco, cos modelos tradicionais destas protagonistas nos que a nena chora constantemente e que ó ter medo pide inmediatamente axuda.

Non é, en cambio, tan novidosa (e considero que non debe ser doutro xeito) a caracterización do neno, que compartirá protagonismo, pero que repite roles tradicionais: tiratacos, fachendoso, boa puntería, etc(18).

(16) “A literatura infantil en galego no ano 1986”, *El Correo Gallego*, 4 xaneiro 1986.

(17) *28 libros da Literatura infantil e xuvenil galega*, Santiago: Xunta de Galicia, col. Andel, s.d., pp. 55-57.

(18) V. Luís Lamas, “O día que choveu de noite”, *El Correo Gallego*, “Artes y Letras”, 9 febreiro 1986.

- A metamorfose da realidade provocada pola personificación de elementos non humanos.

No ano 1987, publicou a novela *Viaxe á illa redonda*(19), que fora galardoada co 2º premio “Barco de Vapor” no ano anterior baixo o título de *Viaxe a Ondasmil*. Aquí tamén un narrador omnisciente, en terceira persoa e en catro capítulos, relata as peripecias dunha nena, Dorés, e da súa avoa, Elvira, na viaxe que realizaron á Illa Redonda. As dúas son membros dunha familia bastante numerosa que habita nunha pequena cidade ó lado do mar. Os membros desta familia, como apuntou Carme Blanco, son “prototipos idealizados dos valores artísticos e do amor á natureza”(20). O pai de Dorés é poeta; a nai dedícase á música; a avoa, á parte de ser unha excelente lectora, é contadora de contos, e o avó é un bo coñecedor da natureza, fundamentalmente dos animais, cos que ensinou a falar á protagonista. O irmán, Xurxo, toca a fruta. Conforman todos o ambiente real da obra xunto co ambiente escolar. Nesta parte do plano real, descríbese miuciosamente, a vida familiar: os problemas do aseo nun habitáculo non moi grande, a alimentación, a orde, etc., unha familia caracterizada polo respecto e pola solidariedade.

A viaxe que van realiza-las personaxes protagonistas fora gañada por Dorés no concurso “A grande carreira de caracois”, que organizou o seu centro escolar como premio ás boas notas que acadaran os seus alumnos e alumnas. O colexio que se nos presenta nesta obra é excepcional e moi innovador. O mestre, don Anxo, é un bo ensinante e, ademais, “Un home increíble” (p. 70). Os demais profesores son creativos, comprensivos e móstranse preocupados pola marcha do alumnado. As actividades fundamentais deste centro están baseadas na escritura e lectura de contos. Como sinalaron os responsables das reseñas da revista *Papeles de literatura infantil*(21)

prantexan o estudio da linguaxe dunha forma viva e participativa; así, a narración, a lectura e a escritura de contos convírtese na actividade primordial do curso. É polo tanto un mundo ideal que entra no terreo do desexable, pero que se afasta bastante dos problemas que hoxendía sofren os rapaces.

Así mesmo, os profesores preocupáanse por facer un seguimento dos animais e da natureza en xeral.

No plano fantástico a narración céntrase na viaxe das protagonistas á illa Setetén, feita polo xigante Guilfrei cun compás, como investigara a avoa Elvira Espinosa Dobao, a partir do seu repertorio contístico. Ó chegar alí atópanse cun lugar marabilloso, un mundo ideal onde moitos dos personaxes dos contos da avoa Elvira se convirten en realidade. Este mundo fantástico e marabilloso está poboado de xigantes, sereas, natureza de caramelo (debido a que a lava dun volcán convértese nun caramelo de menta), landras marabillosas, illas viaxeiras e ventos sementadores. Como tamén sinalou Carme Blanco, a través da avoa entramos na linguaxe metaliteraria da obra, recreáanse motivos do conto dentro do conto, pero tamén

(19) Vigo: Galaxia/S.M., col. O Barco de Vapor 14, 121 pp. Esta obra foi reeditada en Vigo: Galaxia, col. Arbo-re, 1992, 95 pp.

(20) Carme Blanco, *Literatura galega da muller*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1993, p. 213.

(21) 7 maio 1988, p. 19.

de maneira paralela e como contrapunto ó discorrer da historia do conto, ten lugar a evolución psicolóxica da nena protagonista, emparentando así, en certa maneira, coa novela de iniciación, tal como ocorría en *O segredo da pedra Figueira*, de María Xosé Queizán.

Esta parte fantástica remata a obra e a protagonista reconece que esta vivencia non lla van cre-los seus compañeiros da clase.

Estamos diante dun relato cargado de mitos e símbolos fáciles de detectar, e esta é outra das características das obras de Helena Villar, que xoga moi a miúdo coa simboloxía dos números e dos nomes dos protagonistas, feito que xa se pode observar na obra anterior, concretamente no uso do número doce. Neste caso, xógase cos nomes de sete protagonistas: Grial, Griselda, Griderico, Grimalda, Grisparina, Grífaró e Grisi, habitantes das sete torres que compoñen a illa.

Aparecen outra vez os elementos que vimos no relato comentado antes pero tamén xorden outros que a partir de aquí formarán parte dos relatos de Helena Villar. Así ocorre coa vida familiar e o seu desenvolvemento do día a día; coa integración do avó e da avoa, que xoga un papel moi importante, xa que son transmisores da tradición xunto a outros contadores de contos que tamén se citan nesta obra: a madriña, o padriño, os pais, os locutores de radio e T.V, os mestres(22).

No ano 1988, Helena Villar publica outro pequeno conto infantil, Vermíño(23), na mesma colección na que publicara *O día que choveu de noite*, por iso ámbalos dous volumes presentan unhas características formais moi similares. Agora, coa axuda das ilustracións de Josefina Pereira, o que conta o novo narrador omnisciente, ese sabio narrador que coñece todo o habido e por haber do protagonista, relata en terceira persoa a historia dun verme, dende que nace nunha mazá, onde ó principio é moi feliz e onde se organiza para vivi-lo mellor posible, ata que despois de pasar por unha etapa moi triste na que bota en falta a liberdade, o non ser quen de se converter en paxaro, en domador, en león, en definitiva, de poder ver mundo, consegue converterse en bolboreta por mor de que ó cae-la maza ó chan e romper queda en liberdade.

Libro moi orixinal no conxunto da obra de Helena Villar, xa que abandona a temática máis reiterada na súa obra infantil e introduce a idea de liberdade, aínda que o mundo dos animais, co seu campo semántico ben explorado, segue a ter unha función primordial.

A autora segue neste relato a mesma estrutura narrativa que nos anteriores, unha estrutura típica da narrativa infantil dirixida ós primeiros lectores.

No ano 1989, son tres os títulos de Helena Villar que saíron do prelo, aínda que algún fose escrito anos atrás e tivese que esperar turno nas editoras(24). O primeiro deles foi *Ero e o capitán Creonte*(25), outra noveliña fantástico-realista estruturada en cinco capítulos

(22) V., ademais, Manuel Quintáns, "Fantasía e realidade", *El Correo Gallego*.

(23) Vigo: Galaxia, col. A Chalupa.

(24) Comentados por Isabel Mouriz Barja, "3 libros de Helena Villar", *Festa da palabra silenciada*, Outono 1990, p. 149 e ss.

(25) Vigo: Galaxia/S.M., col. O Barco de Vapor. Esta obra, como deixou anotado Xulio Cobas Brenlla (*Historia da literatura infantil e xuvenil*, Santiago: Velograf, 1991, p. 133), está incluída no catálogo "Merlos Brancos" da biblioteca Internacional de Munich dende o 1990.

que están enlazados polos protagonistas: Ero, Creonte e o mestre. Un narrador omnisciente, en terceira persoa, conta as aventuras de Ero e o seu gato (humanizado) na vila de Pombeiro, situada na aba dun monte, rodeada por un río, constituída por casas unifamiliares e moi variable segundo as estacións, pero tamén hai outras voces narrativas, como a da autora, que se introduce no relato para dicir.

Ero vivía (e teño por certo que vive aínda) en Pombeiro (p.5.).

Nesta vila, o profesor de matemáticas, don Xacobe, observa como os nenos quedan durmidos na súa clase. Tenta averiguar-las causas e aínda que ó principio pensa buscar culpables, concretamente nos caramelos que a nai de Ero lle regalara para celebra-la chegada do piano novo, pronto se decata de que é o seu sistema educativo o que faia. Decide cambiar-lo método e explicar matemáticas a través da papiroflexia, co que consegue moi bos resultados. Os escolares están encantados e deciden facer unha festa en honor ó mestre. Ó mesmo tempo que sucede isto, Creonte, o gato de Ero, que aspira a ser capitán de mariña, decide facer un barco aproveitando os coñecementos de papiroflexia de Ero. Deste xeito navega polas canles dos tellados das casas dentro dun barco de papel. Mentres, a vila sofre unha serie de cambios: a xente anda despistada e non sabe en que día vive. Ocorrélle isto a todos menos a Ero e Creonte, debido a que usaron o papel do xornal do día que ó se mollar perdeu as noticias. Precisaron reconstruí-lo xornal para que a cidade volvесе á normalidade. Días máis tarde, o mestre decide ensinar Gramática aproveitando a construción dos monecos de neve (branco, suave, etc.). Ocorre un caso raro de identificación do mestre cun muñeco de neve, feito que produce un certo desconcerto. Ó final todo volve á normalidade en Pombeiro e os nenos están contentos co novo estilo do profesor.

Vólvese a ver de novo a preocupación de Helena Villar polo cambio dos métodos de ensino, a preocupación por evita-lo aburrimiento nas aulas. Tamén se volve a ve-lo gusto pola música. A nai de Ero acaba de comprar un piano, que toca Ero. O gato Creonte é un grande admirador de Mozart, etc. Pero o máis salientable é que se produciu, como vimos, un cambio na estrutura narrativa que con anterioridade empregara Helena Villar, agora son varias as voces narradoras.

O outro volume que se publica neste ano 1989, foi *Patapau*(26), terceiro premio no Concurso “Barco de Vapor” 1984. Presenta un cambio coas outras obras anteriores. No primeiro capítulo, titulado “Unha gaivota estraña”, a voz autorial aflora á superficie do texto para se dirixir ó lector e explicarlle a estrutura do libro que vai ler. Anuncia que o libro componse de retallos que o autor puido ir recollendo dos relatos que sobre a gaivota, esta curiosa e simpática protagonista, foi contando por diversos lugares do mundo. Anima ó lector a que tamén componse a súa propia versión, debendo ter en conta o xeito de contar da gaivota, que sempre comeza os relatos da mesma forma: o por que do seu nome, descriución do seu físico e que nunca remata debido á falta de tempo. Agora o autor deixa paso á narradora protagonista, Patapau, unha gaivota que saíu das mans de Gormeso, un neno con voz de piano que apareceu misteriosamente nun niño de paxaro e que ó poder desenvolverse por el mesmo foi percorre-lo mundo. En once capítulos desenvolve a súa viaxe. Nos últimos capítulos volve a toma-la voz narrativa a autora para dirixirse ós lectores indicándolles que non lle dá tempo de remata-la historia porque tampouco a dá por rematada a protagonista.

(26) Vigo: Ir Indo, col. Nabarquela.

A autora, aínda que non deixa de botar man, nalgúns casos, do narrador omnisciente, ponse na liña da nova literatura infantil que está a xurdir, xa que introduce outros tipos de narradores, como xa fixo na obra anterior.

Incide na metalinguaxe, nos xogos lingüísticos, na noción de xénero e volve a xogar con nomes simbólicos (Grial, por exemplo) e co léxico que cobre o mundo animal con ouriol, nabarquela, pega, lavandeira, paspallás, merlo, gaivotas.

O derradeiro volume que Helena Villar publica neste ano 1989 foi o titulado *A cidade de Aldara*(27), aínda que ó final do texto aparece firmada en San Miguel dos Agros no outono de 1983. Este dato lévanos a pensar que é esta unha das primeiras obras de Helena Villar, aínda que por problemas editoriais no verá a luz pública ata este ano 1989 que estamos a comentar.

En 29 capítulos, 106 páxinas e nun formato cadrado, de cuberta branda, ó estilo de moitos contos infantís, outra vez con ilustracións de María Fe Quesada, aínda que neste caso de pequeno formato e en branco e negro, un narrador omnisciente, en terceira persoa, conta a historia dunha cidade fantástica que tomou o nome dunha das súas cidadás, Aldara, “que nacera unha mañá chea de cucos”, e quen xunto co gato e dous canarios deciden dar harmonía a unha cidade que esquecera inventa-lo tempo, que non pensara na música, nos contos, no teatro, na educación xeral dos seus cidadáns, etc. Os personaxes protagonistas xúntanse coa lúa e co espello máxico e entre todos, con esforzo e traballo, conseguen unha escola onde se estudia xeometría, xeografía, etc., e conseguen inventa-las artes e as ciencias, para educar así a Aldara e ós demais nenos da cidade. Un exemplo de solidariedade en busca do ben común.

A voz do autor implícito, de cando en vez, diríxese ó lector para atrae-la atención:

Todos xa sabedes que quere dicir Aldara, os dous canarios e o gato. O resto dos habitantes da cidade estaban moi atafegados de traballo (p. 62).

Creo que nestes tempos a cidade de Aldara anda a prepara-la homenaxe ós seus máis simpáticos habitantes. O ex-habitante serio é o organizador (p. 106).

Refírese neste párrafo, derradeiro da obra, a un habitante que gañara o concurso dos serios e que agora era dos máis alegres.

Estamos diante da única obra de Helena Villar que se move no terreo da fantasía case na súa totalidade. Tódolos personaxes que interveñen na historia están humanizados, os propiamente humanos non están caracterizados, só sabemos que son compoñentes da sociedade de Aldara e que para eles se está a construír unha cidade na que os valores culturais funcionen. Só Aldara, a nena, ocupa un espacio cunhas características recoñecibles, xa que téñ unha habitación cun balcón, un xeranio e un espello que é o encargado de lle proporcionar tódolos xoguetes que precisa para o seu lecer.

Son moitas as liñas e constantes que aparecen nesta obra e que se repiten en xeral, como estamos a ver, na obra de Helena Villar. Aquí hai referencias ó recinto escolar e á necesidade de que sexa motivador, á importancia dos contos para o home (así, o gato converterase en “contador de contos”); tamén á importancia da poesía, e concretamente da líri-

(27) Barcelona: Casals, col. Trolebús.

ca popular á que se recorre en multitude de casos; do teatro; da música, sen a que non pode vivir feliz a humanidade. A simboloxía dos números, volve a aparecer con insistencia, concretamente o número sete: na escola de Aldara hai sete chanzos que Aldara sube e baixa moitas veces ó día; o mundo da natureza, o campo léxico dos animais está moi desenvolvido, xa que os personaxes que interveñen na historia, tanto os principais coma os secundarios, son animais: grilos, cuco, coruxa, arañós, rato, cigoña, moucho (doutor sandaotodo), gaivota, caracol, xunto ós canarios e o gato.

Camino Noia(28) comenta que o invento das artes e das ciencias deulle xogo á autora para ir metendo elementos didácticos de varias disciplinas. O que non di Camino Noia é se esta incrustación está ben ensamblada ou se produce desconcerto e perda de interese pola lectura do texto. Os responsables da reseña da revista *Papeles de literatura infantil*(29) observan que se trata dunha obra fantástica de marcado influxo de G. Rodari, cunha lingua moi lírica na que aparecen numerosos recursos poéticos que son do gusto dos lectores ou oíntes destas idades, pero tamén observan unha grande artificiosidade da mesma, en certos casos.

No 1991, dúas novas publicacións veñen enriquece-lo panorama da Literatura infantil galega da man de Helena Villar. Unha delas, *A canción do rei*(30), tamén aparece firmada ó final en San Miguel dos Agros 1989. Esta noveliña figura na relación dos White Raven (Merlo Branco) de 1994, da Biblioteca Xuvenil Internacional de Munich. É unha novela fantástico realista, ilustrada en branco e negro por Xan López Domínguez, e nela un narrador omnisciente, en terceira persoa, en oito capítulos e 89 páxinas, relata as aventuras e desventuras de Cosme, un neno moi imaxinativo e un pouco mintireiro, aínda que sen intención de selo. Cosme, o protagonista, que vive nunha vila mariñeira, gracias ó seu profesor (un profesor ideal que intenta motiva-lo seu alumnado e que emprega na clase a música acampañándose dun piano), comprométese e compromete á clase a inventar “a canción do rei”. Diante da dificultade da clase por non coñecer a un rei na realidade só pola historia e polos contos, Cosme pon en marcha unha das súas mentiras e di que el coñece a un rei. De aí arrinca toda a historia.

Son tres os escenarios fundamentais desta obra: a escola, unha escola innovadora, comprensiva, atraínte; a familia: unha familia preocupada, culta, amante da música, da lectura; a vila, unha vila moderna, culta, na que os cidadáns len, coñecen contos, recoñecen a importancia e valor da poesía, como se demostra polas aptitudes dos seus cidadáns máis novos, etc.

Esta obra comeza do mesmo xeito que *O día que choveu de noite*, aínda que neste caso o profesor é innovador non aburrido. As dúas obras, xunto a outras xa comentadas enlaza cunha tendencia moi xeralizada na Literatura infantil galega: a temática escolar. Pero agora, como en *Mar adiante*, de M^a Victoria Moreno, un dos personaxes principais anda polas augas. Carmen Blanco xa fixo referencia a certos trazos comúns das narrativas destas dúas mulleres, aínda que considerou que, fronte o lirismo de M^a Victoria Moreno, Helena Villar presenta un enfoque máis obxectivo e realista, que se combina con elementos

(28) “O labor literario de Helena Villar”, *La Voz de Galicia*, “Lilith”, 8 xaneiro 1990.

(29) 11 febreiro 1990, p. 23.

(30) Vigo: Ed. Galaxia, col. Arbore.

proprios dos xéneros fantástico, mítico e de aventuras(31). Se ben isto pode ser certo nalgún texto de Helena Villar, sobre todo nos primeiros, penso que en xeral a narrativa desta autora non só está cargada de elementos obxectivos e realistas senón tamén líricos.

No ano 1991, aparece un novo título *O avó de Pipa*(32). O deseño editorial deste volume consta dunha pequena biografía da escritora, ó xeito de ficha recortable; unha dedicatoria da mesma (“Para Ti”), na que fai unha clara referencia ó tipo de lector ó que se quere dirixir e no que anuncia parte da anécdota que quere lembrar por medio do libro. Céntrase esta anécdota na visión que un día tivo dun avó que levaba da man a unha nena e un canario. Gustoulle o grupo, seguíuno e agora conta a historia. A continuación artéllase o volume en dúas partes máis. Na primeira delas (once capítulos e 138 páxinas), un narrador omnisciente, en terceira persoa, conta a vida de dous personaxes: Pipa, unha nena pequena, e o seu avó. Dúas vidas solitarias por distintas razóns, que se desenvolven nun mundo entre fantástico e realista que os propios personaxes non acertan a distinguir. A primeira, habitante dunha cidade e filla única; o segundo, habitante dunha aldea, “Montañas brancas”. Nos once relatos cóntase un retallo destas vidas. Fálase da amizade que os uniu e dos resultados desta. Por mor desta amizade a personalidade do avó pasa dunha pasividade alarmante a unha grande actividade: participa de cheo nos labores domésticos, colabora na educación da nena, e chega a sentir amor por dona Baia. Pero na historia participan outros personaxes: Tarnas unha moneca que o avó regalou a Pipa ó chegar e Ismael, o canario, que dende o principio teme perder-lo seu prestixio na familia e ser relegado a segundo plano coa chegada do avó. Os personaxes están humanizados e falan, senten, teñen pasado e son quen de reflexionar. Por exemplo, Tarnas é bilingüe.

A parte final do volume correspóndese cunhas propostas de traballo que dán pé para facer diversas actividades cheas de motivación e a través das cales se pode xogar, ó mesmo tempo que demostrar se se comprendeu ben o relato.

No ano 1993, a nosa autora publicou *Don Merlo con chaqueta*(33), un conxunto de 15 relatos protagonizados por animais e elementos da natureza. Estes relatos poden tamén lerse a través das ilustracións con que Pepe Carreira acompañou ós textos. Cóntase neles, cunha linguaxe moi coidada e con moito humor, como don Merlo quere unha chaqueta para ser coma un señor; como o canario Piquís quere ter un circo; como o sapoconcho organiza unha carreira entre os habitantes do bosque; como o sol marcha de vacacións e a lúa soña que é un queixo.

No ano 1994, foron dúas as entregas de Helena Villar Janeiro ó panorama literario infantil: *Contos do paxaro azul*(34), un volume composto por cinco contos fantásticos e maravillosos, ás veces de difícil comprensión, que conta a gata Clarisa. Seguen as características dos contos anteriores da autora con humor e cun contador, premisa nos contos de transmisión oral para que cheguen ós receptores. O outro volume publicado neste ano foi *A voda do papá*(35), unha novela na que un narrador omnisciente de tipo clásico, usando des-

(31) *Literatura galega da muller*, cit., pp. 212-213.

(32) A Coruña: Bruño, col. Alta Mar.

(33) Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín.

(34) Ilust. Francisco Bueno, Santiago: Sotelo Blanco, col. infantil e xuvenil 18 (de 8 anos en adiante), 1994, 91 pp.

(35) Ilust. Xoán Cidrás Robles, ilust. cuberta Marina Seoane, Madrid: Alfaguara/Obradoiro, col. infantil (a partir dos 10 anos e para adultos), 92 pp.

cricións e diálogos abundantes, conta, en cinco capítulos (nos que se producen cambios de espacio narrativo) e seguindo os elementos de toda narración realista, a historia de Sara, unha nena de nove anos que queda orfa de nai por mor dun accidente de tráfico e que ten que se afacer a vivir soa co pai e realizar labores da casa. Comeza a obra *in media res*, para logo explica-la morte da nai á nena. Esta nena vive tamén a fantasía dos contos de fadas pero nunha viaxe ós Ancares coñece a Clotí, outra nena de pais separados, e con ela descobre que a realidade non está nos contos. Volven á casa e coa axuda dunha veciña que sempre a atendeu comeza a desenvolver-la vida xa máis asentada na realidade. Esta veciña será a súa nova nai, feito que a nena asumirá con naturalidade. Como se pode ver volven a aparecer nesta obra moitos dos elementos narrativos, formais e temáticos que caracterizan a escritura de Helena Villar e tamén elementos novos. Obsérvase un gusto pola música:

Sara aprendera tan ben a “Pequena serenata nocturna” de Wolfgang Amadeus Mozart, que era preciosa, porque a mamá sempre a facía soar cando coidaban a “aspidistra” (p. 17).

A escola á que asiste Sara é unha escola ideal, comprensiva,

Despois vestíronse, almorzaron e foron ata a escola para xustifica-las faltas e pedir que lle perdoasen as clases algúns días máis.

- ¿Que che pasou, Sara? -preguntáronlle todos nada máis entrar.

A Sara xa non lle importou contarllelo, aínda que era triste.

-A miña mamá morreu nun accidente.

Os compañeiros quedaron abraizados, foron correndo cabo dela e déronlle moitos bicos.

-Sentímolo moito, Sara -dixo o profesor, tamén el a punto de chorar.

-Gracias, Señor.

Mandoulles que falasen coa directora e coa xefa de estudos, que foron moi amables autorizándoos para que Sara tivese unhas pequenas vacacións (pp. 12-14).

Os protagonistas están dotados de valores positivos; sempre gaña o sentido común, a sensibilidade; insiste excesivamente na psicoloxía interior do personaxe no canto de que esta psicoloxía se manífeste a través dos feitos e actuacións e por isto tén que recorre-la autora a excesivas fórmulas retóricas; introduce temática moi actual: morte por accidente de tráfico, fillas de pais separados, reacción diante da morte, etc.

Helena Villar ofreceu máis títulos ó noso panorama literario galego en volumes colectivos, en libros escolares e en publicacións periódicas. Entre esta obra dispersa da autora son de salienta-los relatos infantís “Alba e os cisnes encantados”, en *Catro contos de Reis*, ou “A fuga de Guillermo”, en *Contos de hogano*(36) ou en “A vasoira máxica”(37), nos que se poden aprecia-las mesmas características temáticas e formais que se decantan da súa obra en xeral e polos que tamén mereceu algún premio, como, por exemplo, o “Valmiñor de contos infantís” 1988, convocado pola Asociación Valmiñor. Dedicouse tamén á tradución, sobre todo de libros franceses, labor que tamén compartiu co seu home(38); partici-

(36) Santiago de Compostela: *El Correo Gallego*, Biblioteca 114, nº 29 e 104 respectivamente.

(37) *Tres trebellos máxicos*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. O lagarto pintado.

(38) *Viaxe e fin de don Frontán*, de R. Dieste (Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1982)

pou na creación de revistas, mesmo de revistas escolares co seu alumnado, como por exemplo, *A Forxa*, segunda etapa, do Colexio López Ferreiro de Santiago de Compostela, 1989. É de salientar tamén o seu traballo de opinión e crítica en publicacións periódicas. Por un destes traballos mereceu, neste ano 1995, o premio “Puro de Cora” convocado polo diario lucense *El Progreso* na súa IIª convocatoria, entre outras actividades como, por exemplo, o ser unha das fundadoras do PEN Club de Galicia, etc.

Unha vez descrita a obra infantil e xuvenil, máis relevante dende o meu punto de vista, de Helena Villar ata hoxe podemos tirar algunhas constantes:

- O mundo escolar é un dos temas e dos espazos nos que máis reincide esta escritora. Rexéitase un sistema tradicional de ensino e propónse un sistema innovador, baseado fundamentalmente na lectura, no xogo lingüístico, no coñecemento da nosa tradición e nunha mestura de xogo e ensino. É posible que isto lle faga introducir, ás veces, demasiado elemento didáctico nas súas obras literarias, que ás veces corren o risco de se converteren en libros escolares, pero a autora salvou case sempre este perigo con pericia e cunha prosa alegre e suxestiva. Ela mesma dixo en moitas ocasións que a frecuencia da introducción do tema escolar nos seus relatos non está tan relacionada como se pensa co feito de ela ser mestra, senón máis ben coa idea de non concibir a un neno que non estea encadrado nun contorno cultural escolar concreto. Ademais Helena Villar parte da importancia que téñ a escola como vehículo de normalización lingüística, xa que é onde mellor se poden potencia-las lecturas e as conversas na lingua propia de Galicia.
- O mundo familiar tamén é un dos que ocupa parte das obras da nosa autora. Neste sentido é notoria a preocupación por unha familia culta, que comprenda á infancia e adolescencia e participe con ela nos problemas culturais e sociais. A nai case sempre é un ser extraordinario, ben considerada polos fillos e polo home, encargada de establecer-la orde familiar, as comidas e os horarios. Os seus membros base son os pais e os fillos pero sempre están acompañados dun animal e en moitos casos dos avós.
- A introducción de protagonistas nenas, con características propias, é un dato a rexistrar, xa que poucas veces camparon tan consideradas pola Literatura galega. Estas nenas comezan a ser donas de si mesmas, a ter carácter e actuar coa naturalidade que ata o de agora parecía que só era patrimonio dos nenos.
- Introducción de elementos fantásticos, insólitos na vida cotiá.
- Dá entrada ós vellos como portadores de experiencias, da transmisión oral e ó mesmo tempo necesitados de amor, comprensión, cariño, tenrura.
- Recorrencias musicais constantes.
- Xogos simbólicos.
- No transfondo da maioría das súas obras penso que se dá unha homenaxe á cultura popular e á transmisión oral infantil, fonte primaria de toda literatura.

Finalmente, quero salienta-la preocupación de Helena Villar pola lingua propia. Como dixo Isabel Mouriz, a preocupación de Helena Villar pola lingua galega, tanto na súa obra literaria coma noutras actividades nas que participou, non se reduce a tomala como un medio vehicular senón que a miúdo é un tema “convertido en vindicación, en fidelidade á

lingua propia, en xogo, en aprendizaxe”. Leva ó lector ou oínte á reflexión sobre o conflito lingüístico que existe no país e quere reconverte-lo auto-odio en autoestima para así conseguir un país no que a normalización lingüística sexa real e non unha fonte de conflitos.

Con este conxunto de títulos, dirixidos, maioritariamente, a unha banda etaria entre 7 e 10 anos, agás a última obra *A voda do papá*, Helena Villar transmite, ademais das súas preocupacións, das constantes da súa escritura, das preferencias temáticas e formais, a súa consideración, implícita e explícita, sobre a denominada literatura infantil e xuvenil, unha literatura que só téñ como limitación as características psicolóxicas do seu lector modelo e polo tanto que só precisa que os autores que queren participar nela se preocupen de cómo escribir para se adaptar precisamente ás características deses lectores sen trabas temáticas que os aferrollen máis que as propias, repito, das características psicolóxicas das idades elixidas, feito que Helena Villar entendeu ben.